



FORMAS E TRÁNSITOS. *Isabel Flores*



## FORMAS E TRÁNSITOS. **Isabel Flores**

Ciclo expositivo *Activar a mirada. Des-ordenar o pensamento*

Idea e proxecto: Sara Donoso





















## Formas e tránsitos

O traballo de **Isabel Flores** responde a un interese por asomarse aos anexos da práctica pictórica, reivindicando a súa alianza coas tres dimensións nunha constante exploración dos seus confíns. A expansión das linguaxes plásticas orixina novos choques e confrontacións que imprimen nas súas propostas o legado dos principios decorativos asociados á artesanía. Exiliada do marco e desertora do lenzo, a súa pintura responde ao reto de redefinir os espazos que habita a través da consecución de deseños ornamentais das máis variadas culturas; dunha memoria tan íntima coma global non exenta dun posicionamento crítico. Apartado das prácticas artísticas hexemónicas e concibido como elemento decorativo cun status popular, o ornamento tivo tradicionalmente unha consideración menor e, en moitas ocasións, foi deostado a través da súa relación co traballo manual e feminino fronte á lexitimación doutras formas de arte. Tendo en conta estas cuestións, poderíamos afirmar que Isabel Flores constrúe unha lectura paralela ao usar materiais, formas e discursos que durante anos se situaron á marxe da historiografía oficial. A súa mirada aproxímase ao movemento Pattern&Decoration, xurdido nos anos setenta dentro do feminismo para reclamar as denominadas artes aplicadas como fórmula de expresión artística, recollendo patróns presentes en mosaicos e decorados téxtiles sen atender a xerarquías e dualismos (oriente/occidente, belas artes/decoración, feminino/masculino) para integralos no campo da creación contemporánea. Estas estratexias continúan sendo defendidas por artistas como a que nos ocupa, quen determina o seu facer como unha sorte de cruzamentos entre o azar, a estética da repetición e a extracción dos perfís presentes en azulexos, tecidos ou outros motivos de culturas e de xeografía moi diversas. Ao apropiarse de todos estes volumes, Isabel Flores compón un novo corpus simbólico onde o poético e a referencia histórica dilúen as súas diferenzas.

As súas propostas enmárcanse dentro de procesos *site specific*, nun diálogo coa arquitectura e co contexto do lugar. Neste caso, traslada a memoria duns espazos a outros preservando a súa singularidade, á vez que dispón outros significados. Así, ese ornamento primixenio que impactaba na súa retina a modo de rexistro iconográfico é posteriormente sometido a novas interpretacións e expande o seu contido aliándose con estratexias propias da abstracción. En *Formas e tránsitos* a artista compón unha viaxe intimista de elementos que se bifurcan e interfíren, onde a imaxe do azulexo da antiga casa familiar convive coa simplificación doutro motivo visto en Turquía. O primeiro aproxímase ao privado, ás vivencias íntimas e ao feito fortuíto; xorde do desprendemento deste azulexo na cocíña dos seus avós e aséntase na súa mirada, acompañándoa no subsidiario ata que decide activalo como elemento plástico. O segundo é parte dun desenvolvemento xa interiorizado de transformación e de evolución do patrón. Combinadas, estas formas conxúganse trazando unha cartografía persoal e xeográfica deseñada a partir de experiencias tan distantes como enlazadas capaces de executar as xerarquías a través do recurso da repetición, que favorece, á súa vez, múltiples variacións sobre a silueta primaria. Tamén acolle o erro, xurdido dos movementos reiterados que fan vacilar a man sobre o muro ou, no caso das teas, das dificultades propias do procedemento serigráfico, como aliado á hora de afrontar o inesperado da creación.

Dicía Gilles Deleuze en *Diferencia y repetición* que "(...) en realidade el artista no juxtapon e exemplares de la figura, sino que combina, cada vez, un elemento de un ejemplar con otro elemento del ejemplar siguiente. Introduce en el proceso dinámico de la construcción un desequilibrio, una inestabilidad, una disimetría, una especie de apertura que no se conjura más que en el efecto total"<sup>1</sup>. As súas palabras resultan pertinentes en relación coa obra de Isabel Flores, que concentra ornamentos de diferente procedencia coma se revelase o arquivo visual de múltiples culturas, indagando nunha correlación de binomios onde se



acariñan o oculto e o velado. As súas investigacións ao redor deste feito buscan habilitar a función psicolóxica do ornamento, capaz de interactuar co ecosistema social pondo de relevo a súa propia paisaxe que, trasladada agora ao contexto da arte, adquire novas lecturas. Dalgunha maneira, a artista relaciona os espazos coas experiencias vitais procurando un mosaico asimétrico que conduce a forma cara aos límites da súa expresión nun exercicio de subtraccións. Así, non só apodera o decorativo ao descontextualizalo da súa función orixinal senón que ademais o suprime do seu soporte, extrae o seu deseño para recompolo a través dun xogo de presenzas e de ausencias atravesado pola idea de baleiro. A materia pictórica compón diferentes densidades, sombras e tonalidades, pero a súa silueta precisa do espazo en branco, do fondo cru, para facerse patente. Con todo, o concepto de baleiro expándese nesta ocasión máis aló do soporte.

Para a Sala Alterarte, Isabel Flores compaxina a intervención sobre muro coa disposición de varios panos serigrafiados en gasa que discorren lixeiros suspendidos do teito, e que nos obrigan a establecer un percorrido non lineal onde o corpo se activa como suxeito actuante. Sométenos, así,

ao escrutinio das formas mediante un sistema de capas que encobre ou manifesta as imaxes en función de cal sexa a nosa posición como público espectador. Como nun quebracabezas, as súas formas esixen da conexión mental para terminar de comporse. Imaxes veladas que reforzan o seu encontro na calidez translúcida das teas para despois expresar a súa incontinencia cando se desprazan polas paredes da sala conformando un espazo transitable a partir do punto de vista múltiple. O poderoso atractivo do resultado non oculta a súa entoación crítica: a reivindicación do ornamento máis aló das súas fronteiras derruba os estereotipos e amalgama culturas, afectos e tendencias sen prestar atención a definicións ou a categorías.

**Sara Donoso**  
Curadora









## Formas y tránsitos

El trabajo de **Isabel Flores** responde a un interés por asomarse a los anexos de la práctica pictórica, reivindicando su alianza con las tres dimensiones en una constante exploración de sus confines. La expansión de los lenguajes plásticos origina nuevos choques y confrontaciones que imprimen en sus propuestas el legado de los principios decorativos asociados a la artesanía. Exiliada del marco y desertora del lienzo, su pintura responde al reto de redefinir los espacios que habita a través de la consecución de diseños ornamentales de las más variadas culturas; de una memoria tan íntima como global no exenta de un posicionamiento crítico. Apartado de las prácticas artísticas hegemónicas y concebido como elemento decorativo con un estatus popular, el ornamento ha tenido tradicionalmente una consideración menor siendo en muchas ocasiones denostado a través de su relación con el trabajo manual y femenino frente a la legitimación de otras formas de arte. Teniendo en cuenta estas cuestiones, podríamos afirmar que Isabel Flores construye una lectura paralela al hacer uso de materiales, formas y discursos que durante años se situaron al margen de la historiografía oficial. Su mirada se aproxima al movimiento Pattern&Decoration, surgido en los años setenta dentro del feminismo para reclamar las denominadas artes aplicadas como fórmula de expresión artística, recogiendo patrones presentes en mosaicos y decorados textiles sin atender a jerarquías y dualismos (oriente/occidente, bellas artes/decoración, femenino/masculino) para integrarlos en el campo de la creación contemporánea. Estas estrategias continúan siendo defendidas por artistas como la que nos ocupa, quien determina su hacer como una suerte de cruces entre el azar, la estética de la repetición y la extracción de los perfiles presentes en azulejos, tejidos u otros motivos de culturas y geografías muy diversas. Al apropiarse de todos estos volúmenes, Isabel Flores compone un nuevo corpus simbólico donde lo poético y la referencia histórica diluyen sus diferencias.

Sus propuestas se enmarcan dentro de procesos *site specific*, en un diálogo con la arquitectura y el contexto del lugar. En este caso, traslada la memoria de unos espacios a otros preservando su singularidad, al tiempo que dispone otros significados. Así, ese ornamento primigenio que impactaba en su retina a modo de registro iconográfico es posteriormente sometido a nuevas interpretaciones y expande su contenido aliándose con estrategias propias de la abstracción. En *Formas y tránsitos* la artista compone un viaje intimista de elementos que se bifurcan e interfieren, donde la imagen del azulejo de la antigua casa familiar convive con la simplificación de otro motivo visto en Turquía. El primero se aproxima a lo privado, a las vivencias íntimas y el hecho fortuito; surge del desprendimiento de este azulejo en la cocina de sus abuelos y se asienta en su mirada, acompañándola en lo subsidiario hasta que decide activarlo como elemento plástico. El segundo es parte de un desarrollo ya interiorizado de transformación y evolución del patrón. Combinadas, estas formas se conjugan trazando una cartografía personal y geográfica diseñada a partir de experiencias tan distantes como enlazadas capaces de ejecutar las jerarquías a través del recurso de la repetición, que favorece, a su vez, múltiples variaciones sobre la silueta primaria. También acoge el error, surgido de los movimientos reiterados que hacen vacilar la mano sobre el muro o, en el caso de las telas, de las dificultades propias del procedimiento serigráfico, como aliado a la hora de afrontar lo inesperado de la creación.

Decía Gilles Deleuze en *Diferencia y repetición* que "(...) en realidad el artista no yuxtapone ejemplares de la figura, sino que combina, cada vez, un elemento de un ejemplar con otro elemento del ejemplar siguiente. Introduce en el proceso dinámico de la construcción un desequilibrio, una inestabilidad, una disimetría, una especie de apertura que no se conjura más que en el efecto total"<sup>1</sup>. Sus palabras resultan pertinentes en relación a la obra de Isabel Flores, que concentra ornamentos de diferente procedencia como si

<sup>1</sup> DELEUZE, Gilles: *Diferencia y Repetición*. PDF, 1968. p.31

revelase el archivo visual de múltiples culturas, indagando en una correlación de binomios donde se acarician lo oculto y lo velado. Sus investigaciones en torno a este hecho buscan habilitar la función psicológica del ornamento, capaz de interactuar con el ecosistema social poniendo de relieve su propio paisaje que, trasladado ahora al contexto del arte, adquiere nuevas lecturas. De alguna manera, la artista relaciona los espacios con las experiencias vitales procurando un mosaico asimétrico que conduce la forma hacia los límites de su expresión en un ejercicio de sustracciones. Así, no solo empodera lo decorativo al descontextualizarlo de su función original sino que además lo suprime de su soporte, extrae su diseño para recomponerlo a través de un juego de presencias y ausencias atravesado por la idea de vacío. La materia pictórica compone diferentes densidades, sombras y tonalidades, pero su silueta precisa del espacio en blanco, del fondo crudo, para hacerse patente. Sin embargo, el concepto de vacío se expande en esta ocasión más allá del soporte.

Para la Sala Alterarte, Isabel Flores compagina la intervención sobre muro con la disposición de varios paños serigrafiados en gasa que discurren ligeros suspendidos del techo, obligándonos a establecer un recorrido no lineal donde el cuerpo se activa como sujeto actuante. Nos somete, así, al escrutinio de las formas mediante un sistema de capas que encubre o manifiesta las imágenes en función de cuál sea nuestra posición como

espectadores. Como en un puzzle, sus formas exigen de la conexión mental para terminar de componerse. Imágenes veladas que refuerzan su encuentro en la calidez translúcida de las telas para después expresar su incontinencia cuando se desplazan por las paredes de la sala conformando un espacio transitable a partir del punto de vista múltiple. El poderoso atractivo del resultado no oculta su entonación crítica: la reivindicación del ornamento más allá de sus fronteras derriba los estereotipos y amalgama culturas, afectos y tendencias sin prestar atención a definiciones o categorías.

**Sara Donoso**  
*Curadora*







## Biografía

**Isabel Flores** recibe a súa formación académica entre as Facultades de Belas Artes de Sevilla (2008/2013), La Laguna, Tenerife (2011/2012) e a Universidade Mimar Sinan Güzel Sanatlar de Estambul, Turquía (2012/2013). Posteriormente cursa o Máster en Arte Contemporáneo, Creación e Investigación na Facultade de Belas Artes de Pontevedra (2013/2014), onde actualmente continúa a súa formación no programa de Doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporánea.

O seu traballo foi exposto en festivais de arte público como Muro Crítico (Cáceres, 2020), FANG! (Madrid, 2019) o DINAMO (Piornal, Cáceres, 2018), Mulafest en Femenino (IFEMA, Madrid, 2018) e en exposicións colectivas como *De Mestras e Mestrados* (Museo de Pontevedra, 2020), *Las Resilientes. Memorias Imborrables* (Mujeres Mirando Mujeres, 2020). Destacan tamén as mostras individuais *Pattern Reveal* (Sala Santa Clara, Junta de Extremadura, Mérida, 2020) e *Pattern to Abstraction* (Sala Art Mustang, Elche, 2019).

**Isabel Flores** recibe su formación académica entre las Facultades de Bellas Artes de Sevilla (2008/2013), La Laguna, Tenerife (2011/2012) y la Universidad Mimar Sinan Güzel Sanatlar de Estambul, Turquía (2012/2013). Posteriormente cursa el Máster en Arte Contemporáneo, Creación e Investigación en la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra (2013/2014), donde actualmente continúa su formación en el programa de Doctorado en Creación e Investigación en Arte Contemporáneo.

Su trabajo ha sido expuesto en festivales de arte público como Muro Crítico (Cáceres, 2020), FANG! (Madrid, 2019) y DINAMO (Piornal, Cáceres, 2018), Mulafest en Femenino (IFEMA, Madrid, 2018) y en exposiciones colectivas como *De Mestras e Mestrados* (Museo de Pontevedra, 2020), *Las Resilientes. Memorias Imborrables* (Mujeres Mirando Mujeres, 2020). También destacan las muestras individuales *Pattern Reveal* (Sala Santa Clara, Junta de Extremadura, Mérida, 2020) y *Pattern to Abstraction* (Sala Art Mustang, Elche, 2019).

Ciclo expositivo

# activar a mirada, des◆ordenar ■ pensament◆

## ORGANIZA

Vicerreitoría do  
Campus de Ourense-Campus Auga

Universidade de Vigo

## PATROCINA



DEPUTACIÓN  
OURENSE

Universidade de Vigo

## Vicerreitora do Campus de Ourense

María Esther de Blas Varela

## Xestor de actividades Culturais

Filemón Rivas Conde

## Idea e proxecto

Activar a mirada. Des-ordenar o pensamento  
Sara Donoso

## EXPOSICIÓN

Sala Alterarte  
do 8 de outubro de 2021 ao 21 de xaneiro de 2022

## Curadora

Sara Donoso

## Coordinación

Filemón Rivas Conde

## Montaxe

Pedro Dorrego

## CATÁLOGO

### Edita

Universidade de Vigo

### Coordinación e texto

Sara Donoso

### Dirección editorial e deseño

disigna edenia SL

[www.edenia.org](http://www.edenia.org)

para Difusora de Letras, Artes e Ideas

[www.difusora.org](http://www.difusora.org)

© Das fotografías de sala e de obra non fotográfica  
Xosé Lois Vázquez, Alba Vázquez Carpentier  
e Isabel Flores [portada e páxinas 6-7]

1ª edición, 300 exemplares, xullo de 2023

ISBN: 978-84-8158-993-1

Dep. Legal: VG 724-2023

Vicerreitoría do  
Campus de Ourense-Campus Auga

---

Universida de Vigo

